

Pais, achegade os nenos a Xesús

-Descubride a importancia de **regalar aos nenos a fe**, de ter a Xesús na vida. Non lles privemos de Xesús! **Non llo impidades!**

-Lembrade que a **catequese lles vale para moito**: experimentar o amor do Pai Deus, descubrir que todos somos irmáns, aprender a amar e servir, contar coa forza interior do Espírito para enfrontarnos á vida, descubrir a fe e ser felices con Xesús.

-Pais, **procurade realizar ben a vosa tarefa**: iniciádeos no coñecer, espertade a admiración e o amor por Xesús, rezade con eles, creade actitudes, comentade o que se fai na catequese, falade co catequista, acompañade os nenos á misa dominical, participade nas reunións de pais, aproveitade para poñer a fe ao día participando na Penitencia e nas celebracións parroquiais...vida.



**No centro do teu Reino
a sinxeleza dun neno**

Ordinário 27º

Xénese 2,18-24: : *Non é bo que o home estea só!*

O Señor Deus díxose: «*Non é bo que o home estea só; vou facerlle a alguén coma el, que o axude*». Entón o Señor Deus modelou da terra todas as bestas do campo e todos os paxaros do ceo, e presentoullos a Adán, para ver que nome lles poñía. E cada ser vivo levaría o nome que Adán lle puxese. Así Adán puxo nome a todos os gandos, aos paxaros do ceo e ás bestas do campo; pero non atopou ningún coma el, que o axudase. Entón o Señor Deus fixo caer un letargo sobre Adán, que se durmiu; **sacoulle unha costela**, e pechoulle o sitio con carne. E o Señor Deus formou, da costela que sacara de Adán, unha muller, e presentoulla a Adán. Adán dixo: «*Esta si que é óso dos meus ósos e carne da miña carne! O seu nome será "muller", porque saíu do home*». Por iso abandonará o home o seu pai e a súa nai, unirase á súa muller e **serán os dous unha soa carne**. *Palabra do Señor*.

SALMO 127: R/. Que o Señor nos bendiga todos os días da nosa vida.

HEBREOS 2, 9-11: O santificador e os santificados proceden todos do mesmo.

MARCOS 10, 2-16: O que Deus uniu, que non o separe o home.

Narrador: Naquel tempo, achegándose uns fariseos, preguntaban a Xesús para poñelo a proba:

Fariseos: «*Élle lícito ao home repudiar a súa muller?*».

Narrador: El replicoulles:

Xesús: «*Que vos mandou Moisés?*».

Narrador: Contestaron:

Fariseos: «*Moisés permitiu escribir a acta de divorcio e repudiala*».

Narrador: Xesús díxolles:

Xesús: «*Pola dureza do voso corazón deixou escrito Moisés este precepto. Pero ao principio da creación Deus creounos home e muller. Por iso deixará o home o seu pai e a súa nai, unirase á súa muller e serán os dous unha soa carne. De modo que xa non son dous, senón unha soa carne. Pois o que Deus uniu, que non o separe o home*».

Narrador: Na casa, os discípulos volveron preguntarlle sobre o mesmo. El díxolles:

Xesús: «*Se un repudia a súa muller e casa con outra, comete adulterio contra a primeira. E se ela repudia ao seu marido e casa con outro, comete adulterio*».

Narrador: Achegábanse a Xesús nenos para que os tocase, pero os discípulos rifábanos. Ao velo, Xesús enfadouse e díxolles:

Xesús: «*Deixade que os nenos se acheguen a min: non llelo impedades, pois dos que son coma eles é o reino de Deus. Dígovolo de verdade que quen non reciba o reino de Deus coma un neno, non entrará nel*».

Narrador: E tomándoos en brazos bendíciolos impoñéndolles as mans. **Palabra do Señor. (Narrador-Fariseos-Xesús-Discípulos)**



la sencillez de un niño
en el centro de tu Reino



No centro do teu Reino a sinxeleza dun neno

1. VER: Vemos situacións inxustas

- Ao noso redor vemos situacións inxustas: non tratamos a todos por igual, non aceptamos un compañeiro, burlámonos del porque é distinto ou é de fóra, pegámoslle, vemos a alguén de forma diferente. **Pasa isto entre os teus amigos? Está iso ben?**

2. XULGAR: A sinxeleza dun neno no centro

- No evanxeo de hoxe Xesús di: «*Deixade que os nenos se acheguen a min: non llelo impedades, pois dos que son coma eles é o reino de Deus*». Marcos 10, 2-16, película LUMO -RVC: <https://youtu.be/3Ym4mGFvKOE>

QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

- **Fano** preséntanos este domingo un belo debuxo dun neno coa coroa de rei, desa coroa só sae alegría e corazóns.

- **Os nenos pequenos son auténticos, son inocentes**, non están viciados polo mal. Por iso Xesús ponos como exemplo para ser do seu grupo, para construír o Reino, para ser os seus seguidores.

- **Xesús quere a todos por igual**, mentres que na súa época a xente discriminaba as mulleres, os pobres, os que non seguían a relixión xudía. Por iso dícialles: «*se non sodes como nenos non entraredes no Reino de Dios*», **é dicir**, non seredes da miña cuadrilla.

- No **centro do Reino** Xesús pon a sinxeleza dun neno, a sinxeleza dos que non contan, os que viven con humildade, os que serven. No centro do Reino pon o amor, que é paciente, entregado, apaixonado, que non leva contas porque é inesgotable.

- Xesús hoxe chámamos a sacar o noso **“neno interior”**: esa sinxeleza dos nenos, esa enerxía interior, esa forza inesgotable, esas ganas de cambialo todo, ese amor que non dá medo a repartir, esa constante necesidade de que todo sexa novo, incluso o mundo. Ese neno interior... é o **Reino**. **Que che pide o evanxeo de hoxe?**

Alex Navarro Mulet, cousas de Deus, explicación: <https://youtu.be/IMognvZR2J4>

Como recibir o Reino, Quero Ver- 2024, reflexión: https://youtu.be/J3gaNz_D5kc

3. ACTUAR: Compromiso semanal

- Fíxate nas situacións inxustas, de discriminación que hai ao redor no cole, entre os compañeiros, na sociedade.

- Trata de facer as cousas ben, acollendo a todos sexan como sexan, perdoándolles, queréndoos.

- Está atento para non ser inxusto cos demais, para non discriminar a ninguén. Os nenos teñen un corazón grande para perdoarse, bondade, amor, inocencia.

Deixade que os nenos se acheguen, canto: <https://youtu.be/Yphohq607Jc>

Que estás disposto a facer? E en grupo?